

Att. Nicolás Vázquez Iglesias
Secretario xeral de Industria

En, a de de 2024

ASUNTO: ALEGACIÓNS PROXECTO INDUSTRIA DE FIBRA TÉXTIL A BASE DE CELULOSA E AS SUAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS PRESENTADO POR GREENFIBER SL

D/Dª, con DNI número, con domicilio a efectos de notificación en, teléfono de contacto como mellor proceda en dereito,

Expón que:

1. Que o luns 4/03/2024 publicouse no DOGA *ANUNCIO do 20/2/2024, da Secretaría Xeral de Industria, que se someten a información pública solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), estudo de impacto ambiental (EIA), declaración de utilidade pública e proxecto para implantación dunha industria de fibra téxtil de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Consello da Xunta de Galicia, O 29/12/2022, a implantar no concello de Palas de Rei.*¹
2. Consultada a documentación referente ao citado procedemento, con este proxecto vense gravemente afectados o entorno no que se pretende implantar este proxecto, o patrimonio cultural e natural da comarca, os recursos hídricos vinculados á ribeira do Ulla ata a ría de Arousa, a saúde das persoas nun amplo radio de acción, veráanse afectadas patrimonialmente as propiedades, coa perda de valor e deterioro o que levará a un despoboamento e perda dos actuais recursos económicos da zona. Proxéctase unha macro industria baseada no consumo de auga e eucaliptos e emisión de gases contaminantes á atmósfera, con ruído e contaminación lumínica constante, as 24 horas do día a todos os días do ano, a menos de dous kilómetros do **Camiño de Santiago no seu tramo do Camiño Francés entre os Concellos de Palas de Rei e Melide e en terras da Rede Natura 2000, un proxecto que non é prioritario, sostible, nin respetuoso co ambiente e o medio no que se quere instalar, economicamente inviable, non é innovador para o territorio como queda de manifesto na documentación presentada pola mercantil.**

En tempo e forma presento as **seguintes alegacións** para que se incorporen ao expediente e se teñan en conta na revisión e análise dos expediente:

PRIMEIRA.- En relación á **preferencia desta zona para a ubicación** desta industria contaminante, a comarca onde se pretende implantar a macro-fábrica o **centro xeográfico de Galicia**, forma parte da **Grande área paisaxística Galicia Central recollida no Catálogo das Paisaxes de Galicia elaborado polo Instituto de Estudos Paisaxísticos da Xunta de Galicia**, indícase sobre esta área paisaxística:

¹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

“A Galicia Central atesoura un importante patrimonio histórico e cultural, como acreditan a declaración de Patrimonio Mundial concedida pola UNESCO á Cidade Vella de Santiago de Compostela (1985) e ás Rutas de Santiago de Compostela: Camiño Francés e Rutas do Norte de España (1993,2015). No municipio de Palas de Rei a ruta discorre próxima ao castelo de Pambre (Figura 14) e á Fortaleza de Quindimil, ambos Monumentos (Decreto do 22 de abril de 1949). O castelo de Pambre é descrito como: “El más bello ejemplar en Galicia de la arquitectura militar de la edad media” na película “Un viaje por Galicia” de 1929 dirixida por Luis R. Alonso. Este monumento foi incorporado ao Territorio Histórico do Camiño Francés como ámbito vinculado á traza e ten sido recente mente rehabilitado. Posteriormente o Camiño Francés entra en Melide, onde conflúe co Camiño Primitivo e diríxese a Arzúa, lugar onde se atopa co Camiño do Norte”, en toda a documentación presentada pola empresa non se fai mención a este estudo nin ás referencias deste comarca e da súa importancia cultural, histórica e patrimonial. Non parece que a instalación desta macro fábrica vaia a favorecer que a paisaxe da comarca se vexa favorecida, o que repercutirá negativamente na catalogación actual e na perda de valor como referente exemplar o que repercutirá negativamente en termos económicos para a comarca perdendo atractivo para visitantes e perda de valor patrimonial das propiedades dos residentes.

SEGUNDA.- As terras nas que se quere instalar non lle pertencen á mercantil, son de veciños e veciñas das comarcas que **non tiveron noticia das intencións da empresa de instalarse nos seus terreos** na práctica totalidade, ata a publicación deste proxecto o día 4 de marzo de 2024 no DOGA, onde figuran os nomes e apelidos das persoas propietarias e as refencias catastrais de un total de **834 predios** que se verían afectados temporal ou definitivamente; en toda a documentación presentada a información pública a mercantil non explica nin deixa clara como se realizarían as negociacións cos propietarios dos predios e as condicións de ocupación temporal e definitiva, como única solución solo se resolve que de non chegarse a acordos acudirase a expropiación, sin explicar tampouco as condicións de ocupacións temporais, compensacións, obrigas, dereitos, deberes, **responsabilidades da mercantil ou solvencia** para sumir os gastos e indemnizacións, de entrada a mercantil según informa nos medios de comunicación non é solvente e precisará de fondos públicos para o inicio das obras, o que supón que para o pago de expropiación tampouco sería solvente.

TERCEIRA.- Este terreos están situados en concellos de tres provincias: Palas de Rei, Melide, Agolada e Santiso, nunha zona onde conflúen **espazos da Rede Natura 2000:**

- **ZEC ES1110014 Serra do Careon**² – candidata a ampliación-

- **Humidal catalogado no inventario de humidais** de Galicia do Río Seco e a Lagoa das Quintás

Nun radio de menos de 30 km, veríanse afectado pola o aire contaminado e chuvia ácida ou a contaminación da auga por vertidos ao do DPH, temos:

- **ZEC ES1140015-Sobreiras do Arnego,**


- **ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla - Deza**

- **ZEC ES1120008 Monte Faro**

- **ZEC ES1120003 Parga-Ladra-Támoga**

- **Reservas da Biosfera:** Terras do Miño, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

² <https://natura2000.eea.europa.eu/Natura2000/SDF.aspx?site=ES1110014>



Visor Miteco Serra do Careón en amarelo onde a Lagoa das Quintá sinalado coa **punto bermello** o lugar de instalación da fábrica.

O feito de atoparnos cun **proxecto industrial en zonas da Rede Natura 2000** fai que o **principio de cautela** deba garantir por enriba doutros intereses a protección e integridade dos espazos protexidos o que pode ser motivo de sanción económica ao Estado polo incumplimento das Directivas europeas e o incumplimento co destino de fondos de cohesión.

Na **DECISIÓN DE LA COMISIÓN de 7 de diciembre de 2004** pola que se aproba, de conformidade coa **Directiva 92/43/CEE** do Consejo, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica figuran estas zonas.³ :

- a. ES1110014 Serra do Careón * 6 567,87 W 7 57 N 42 55
- b. ES1140001 Sistema fluvial Ulla - Deza * 1 306,84 W 8 20 N 42 47
- c. ES1140015 Sobreirais do Arnego * 1 080,83 W 8 6 N 42 46

No **“MARCO DE ACCIÓN PRIORITARIA (MAP) PARA NATURA 2000 en GALICIA con arreglo al artículo 8 de la Directiva 92/43/CEE del Consejo relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (a Directiva sobre os hábitats) para o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027”**, **asignáronse** do D.1 Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e D.2 Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER)/Fondo de Cohesión (FC) **Asignación total del FEDER al Estado miembro o rexión: 915.166.377 €**⁴

Estos fondos incluíron e inclúen medidas que se **están invertindo nas zonas da Rede Natura 2000**, entre elas onde se pretende levar a cabo tanto a construción desta industria, como a captación de augas no encoro de Portodemouros e o posterior vertido que iría ao mesmo río Ulla.

³ <https://www.boe.es/doue/2004/387/L00001-00096.pdf>

⁴ https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/biodiversidad/temas/espacios-protexidos/11_map_galicia_2021_tcm30-509093.pdf

A lista de liñas de actuación e asignación de fondos públicos asignados ao cuidado da RN2000 que se sinalan son múltiples como se poden comprobar no enlace, solo por enumerar algunhas ás que se destinaron ou destinan fondos públicos, **e que se verían comprometidas - en maior ou menor medida con esta industria de xeito directo e indirecto**, coa autorización de captación de augas no río Ulla e posterior vertido- sinalamos aquelas que terían posiblemente unha relación directa coa instalación desta macro fábrica e a súa acción no ambiente e nos recursos hídricos en relación ós espazos protexidos que correrían risco de ser reclamados por incumplimento:

- *Avaliación do estado e integridade de cada espacio Natura 2000 i elaboración de plans de xestión para cada un deles.*
- *Designación de novos LIC, en especial nas áreas con presenza de turbeiras.*
- *Costes de persoal dos Servizos Centrais necesario para a planificación das actuacións en relación coa RN 2000 de Galicia.*
- *Para os humedais e corredores fluviais: distribución e abundancia poblacional; mexillón de río Margaritifera margaritifera; odonatos, con especial atención ás especies Coenagrion mercuriale, Gomphus graslinii, Macromia splendens e Oxygastra curtisii;*
- *Para as áreas de montaña: distribución e abundancia poblacional ...N. cyclamineus, mejillón de río Margaritifera margaritifera, odonatos, con especial atención ás especies Coenagrion mercuriale, Gomphus graslinii, Macromia splendens e Oxygastra curtisii;*
- *Servicio para realizar o estudo do desmán na cunca do río Ulla para determinar a súa dinámica de uso do espazo, dentro do proxecto LIFE+ Margal Ulla (LIFE NAT/ES/000514), cofinanciado con fondos LIFE+ Naturaleza e Biodiversidad.*
- *Servizo para a elaboración dun documento técnico de base do Plan integral de recuperación e conservación de náyades ameazadas en Galicia (Margaritifera margaritifera (Linné, 1758), Anodonta cygnea L., Potomida littoralis (Cuvier, 1798) y Unio delphinus Spengler, 1793), cofinanciado en un 75% por el Fondo Europeo Agrícola de desarrollo rural (FEADER) del Programa de Desarrollo Rural (PDR) 2014_2020. [Propuesta Nº SA-P-0065/19]. Año 2019.*

CUARTA.- O Decreto 37/2014, do 27 de marzo polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Red Natura 2000 de recolle no TÍTULO III Obxectivos de conservación Artigo 10. Obxectivos xerais de conservación, entre os que imos destacar especialmente⁵:

c) Protexer as especies do anexo IV e promover a conservación e o uso racional das especies do anexo V da Directiva 92/43/CEE, mediante a toma de medidas que garantan que a súa recollida na natureza ou a súa explotación son compatibles co mantemento destas nun estado de conservación favorable.

d) Fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que xogan un papel esencial na conectividade e permeabilidade da biodiversidade, no marco das políticas de ordenación do territorio e de desenvolvemento e, especialmente, para mellorar a coherencia ecolóxica de Natura 2000.

En especial na zona onde se pretende instalar esta industria existen importantes poboacións de **catro especies de flora vascular que en todo o planeta so se encontran nestes afloramentos serpentíníctios do centro de Galicia** e que nos centos de folios presentados a información pública non son analizados nin propostas medidas de conservación das citadas especies máis alá do repetido de maneira constante “se procurará” “se intentará” sin aportar ningunha medida ou fórmula coa que se levaría a cabo a protección e control de ningún hábitat, por suposto a protección destas especies ou tan siquiera o análise non se contempla.

⁵ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140331/AnuncioCA02-270314-0001_gl.pdf

En concreto e según se recolle polo **Instituto de Estudos Ulloáns** e os expertos que realizaron este estudo, indícase:

“Armeria merinoi Nieto Feliner & Silva Pando (1987), *Leucanthemum gallaecicum* Oubiña & S.Ortiz (1990), *Santolina melidensis* R.Oubiña & S.Ortiz (1998) e *Centaurea gallaecica* (M.Laínz) Arnelas & Devesa (2012).

Os tres primeiros están incluídos na categoría En perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas de Galicia (Decreto 88/2007, de 19 de abril), mentres que Centaurea gallaecica consta incluída como Vulnerable.

Ademais, nestes afloramentos serpentínicos encóntranse outras tres plantas vasculares calificadas En perigo de extinción en dito catálogo (Eryngium viviparum, Genista ancistrocarpa e Xiphion boissieri) e outras dúas na categoría Vulnerable (Spiranthes aestivalis e Selinum broteri)”

Según recolle o Instituto de Estudos Ulloans, no seu seguimento riguroso realizado dende hai anos da flora e fauna desta comarca: *“en virtude desta inusual concentración de flora endémica e ameazada, as serpentinas do centro de Galicia, baixo o nome Serras do Farelo, foron recoñecidas como **Área Moi Importante no Atlas y Libro Rojo de la Flora vascular amenazada de España** editado polo Ministerio de Medio Ambiente(Bañares et al., 2003), aínda antes de citarse ancistrocarpa, X. boissieri e sen considerar as especies na categoría Vulnerable, coas cales pasarían a calificar como **Área Excepcional**. Que a riqueza florística desta área vai alén destas especies catalogadas ameazadas, xa que o efecto de insularidade do substrato xeolóxico (ultrabásico nun contexto xeral de rochas ácidas do territorio galego), e, en menor medida, o efecto da mediterraneidade **do clima do val do Ulla**, provocan a presenza de decenas de taxóns escasos ou moi escasos en Galicia, tanto numéricamente como en extensión da área de ocupación, incluídos endemismos serpentínicos galegos (Sagina merinoi) e especies restrinxidas a estas serpentinas, as existentes en Tras-os-Montes e outras escasas localidades do noroeste ibérico (Koeleria rodriguez-graciae, Seseli montanum subsp. peixotoanum, Armeria langei), varias deles merecedoras de constar no Catálogo galego de especies ameazadas.”* Polo que non é erróneo concluir que **a instalación desta industria causaría un impacto crítico e irreversible** neste hábitat e contribuíría á eliminación destas especies, cuestión que non é valorada nos documentos da EAI e AAI nin contempladas medidas que eviten a eliminación destas especies.

QUINTA.- Dentro do ámbito que vai a ser afectado polo proxecto, a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela desenvolveron o **Proxecto Life+ Margal-Ulla** coa finalidade de conservar as poboacións de dúas das especies máis ameazadas de Galicia, *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pirenaicus* e sentar as bases para a conservación do Sistema fluvial Ulla-Deza, tanto a nivel de patrimonio natural como de planificación hidrolóxica. O **dito proxecto recibiu un importante financiamento por parte da UE** e supuxo unha serie de compromisos adquiridos por parte da Xunta .

Da análise das actuacións e resultados dese proxecto, que se poden consultar no portal web <http://margalulla.xunta.es/gl> e máis en particular no informe final (http://margalulla.xunta.es/sites/default/files/original/documentos/paxina/17_INFORME%20FINAL%20LIFE%20MARGAL%20ULLA_version_resumida_parte_1.pdf e seguintes) extraemos as seguintes conclusións:

- Na fase de identificación de presións sobre o medio do proxecto identificouse a contaminación orgánica como unha das máis importantes na conca do Ulla e na ZEC Sistema fluvial Ulla Deza, agravada pola presenza da cadea de encoros Portodemouros,

Touro e Brandariz, que xa presentaban naquelas datas (2009-2016) problemas de eutrofización con importantes floracións da cianobacteria tóxica Microcistina na estiaxe e augas de saída moi turbias e en ocasións probablemente anóxicas.

- As verteduras previstas por ALTRI representarán sen dúbida unha multiplicación da carga orgánica e da carga de nutrientes (aínda que se depuren previamente), que ingresan neste sistema de encoros, co que o problema de eutrofización vaise a multiplicar. Isto vai a ter como consecuencia unha afección ás captacións existentes para o consumo humano, á calidade de auga para o baño, para a vida dos peixes e para o mantemento de todo o ecosistema acuático do Sistema fluvial Ulla Deza. Debe terse en conta ademais que esa parte da conca do Ulla sofre importantes problemas de estiaxe (secando algúns anos temporalmente varias canles como o Moreira, Seco e o Ponte Videla), co que a dilución da vertedura será menor.
- Dentro deste proxecto, e posteriormente no Plan hidrolóxico de Galicia Costa, Augas de Galicia comprometeuse en desenvolver unha serie de medidas que incidirían na mellora de conca e da conservación destas especies ameazadas, tales como a redución da contaminación e a conservación e mellora da estrutura e funcionamento dos ecosistemas acuáticos. En particular, comprometeuse en incluír as Directrices de Xestión de Conca (Acción C6 do proxecto) na revisión do Programa de medidas do Plan Hidrolóxico de Conca Galicia-Costa, directrices que son completamente incompatibles coa autorización dunha vertedura da natureza prevista por ALTRI. Recordamos que segundo o artigo 245.3 do Regulamento do Dominio público hidráulico a autorización de vertedura terá como obxecto a consecución dos obxectivos ambientais establecidos, e estes engloban tanto os específicos da Directiva Marco da Auga como os requiridos para a conservación de hábitats e especies (Directiva Hábitats).
- Ademais, dentro deste proxecto LIFE+ a Xunta de Galicia adquiriu o compromiso de ampliar a Rede Natura 2000 tal e como se reflicte no seguinte mapa, collendo a zona que máis se vai a ver afectada pola vertedura de ALTRI. Non só ate a data non se tramitou a dita ampliación, senón que se se autoriza a vertedura de ALTRI vaise a degradar o hábitat dunha especie en perigo de extinción (*Margaritifera margaritifera*). Debe terse en conta ademais que aínda que a maior parte da poboación de *Margaritifera* se atope augas arriba da vertedura, para superar a súa fase de larvaria precisa adherirse ás branquias dos salmónidos migratorios, cuxa área de movemento principal (encoro-río) vai a ser fortemente degradado pola vertedura. Precisamente para facilitar os ditos movementos elimináronse dentro deste proxecto diversos obstáculos na zona.

Estes traballos quedarían seriamente comprometido coa instalación desta industria na zona, xa que precisa un gran **abastecemento da auga e posterior vertido de augas con sustancias contaminantes**, - 46.000 m³/día de captación e 30.000 m³/día de vertido- no río Ulla poñendo en risco a **calidade e cantidade de caudal** do ES1140001 Sistema fluvial Ulla – Deza augas abaixo do encoro de Portodemouros, **en ningún documento dos presentados pola mercantil se avalia o impacto ambiental do vertido** de 30.000 m³/día na bacía do Ulla, tampouco se aclara o motivo de porqué se ten que realizar o vertido e non reutilizar a auga en circuito pechado e evitar así captar todos os días cantidades inxentes de auga do DPH, todos os días do ano, agás 15 días previstos de parada, máxime no escenario actual de cambio climático e continuadas chamadas ao uso prudente dos recursos hídricos; tampouco se concretan as medidas que se adoptarán se os niveis de contaminación se superan no vertido manténdose unha indefinición do impacto ambiental sobre o medio receptor do baleirado de sedimentos, imposibilitando a súa valoración.

Por suposto tampouco se avalía, nin se contempla que se realizará chegado o momento de non contar con abastecemento suficiente no punto de captación pola escaseza de auga e que teña que

ser prioritario o uso da mesma para consumo humano, nin o escensario de uso do recurso hídrico durante todo o período previsto da industria inicialmente previsto para 75 anos, nin a afección da captación e vertido sobre a poboación Margaritifera.

SEXTA.- Este proxecto promove e alimenta un modelo forestal contrario ós obxectivos climáticos e medioambientais da UE e dos espazos protexidos. A expectativa do proxecto presentado é que a planta da macro celulosa do Proxecto Gama abastézase exclusivamente de eucalipto a partir de modelos forestais intensivos. O emprazamento da planta sitúase nun radio de 60 km do **Distrito Forestal de Santiago-Meseta Interior**, a principal zona de expansión de eucalipto nas últimas décadas, e do Distrito Forestal Lugo-Sarria, que ata o de agora tiña escasas masas de eucalipto, pero onde xa se realizaron extensas plantacións.

Precisamente é neste ámbito xeográfico onde se pretende situar o proxecto (comarcas de Arzúa, Terra de Melide e A Ulloa), onde máis acentuada foi esta transformación, propiciada pola utilización de *Eucalyptus nitens* nas repoboacións. Basta cunha visual ás series históricas de ortofotos destas comarcas para comprobar a alarmante transformación da paisaxe. A gran demanda de eucalipto que xerará a macrocelulosa, **contribuirá a consolidar o monocultivo de eucalipto nun ámbito que presenta un bioclima con maior grao de continentalidade** que o bioclima hipecoánico, característico da tradicional zona produtora de eucalipto.

Nestas condicións climáticas, os monocultivos de eucalipto terán un **maior impacto negativo** na dispoñibilidade dos **recursos hídricos** así como no **risco de incendios forestais** no corazón de Galicia. Non hai máis que botar unha ollada a uns anos atrás, para ver as consecuencias de leste mesmo modelo forestal en Portugal, fomentado por Altri e outras celulosas, onde en 2017 un inmenso incendio arrasou o territorio deixando polo menos 64 mortos, 125 feridos e decenas de casas queimadas e que levou á prohibición de novas plantacións deste xénero. **Os modelos relacionados co cambio climático prognostican que estes riscos acentuaranse no futuro.** O proxecto de ALTRI- Greenfiber vai consolidar esta invasión sen control do territorio cando existen outras alternativas no norte de Galica onde o cultivo de eucalipto está consolidado desde hai tempo e debido a unha climatoloxía máis húmida nos meses de verán presenta menor risco de incendios forestais e terá unha menos repercusión sobre o ciclo hídrico e a biodiversidade. Ademais, ao realizarse sen a debida planificación, as plantacións de eucalipto realizáronse en moitos casos ocupando terras con aptitude agrícola ricas en carbono.

As prácticas forestais que se aplican, con curtas a mata rasa e con ciclos curtos de produción, favorecen a perda do carbono retido no terreo e limitan o retido na madeira, así como a capacidade de retención de auga (efecto esponxa). Especialmente alarmante é a degradación por estes cultivos dos afloramentos serpentínicos (baixo o nome Serra del Farelo) que sinalamos xa con anterioridade. Tamén está a ser a principal causa da desaparición do aguilucho pálido (*Circus pygargus*) e o aguilucho cenizo (*Circus cyaneus*), dúas das especies de aves rapaces máis ameazadas de Galicia. A plantación masiva de eucaliptos nesta zona está a causar unha destrución masiva dos seus hábitats e levándoas ao bordo da desaparición.

Por outra banda, **o elevado consumo de auga** deste modelo forestal que se consolidaría crearía un déficit hídrico moito mais acusado durante a estiaxe, levando á extinción na zona de dúas das especies máis ameazadas de Europa que mantiñan redutos poboacionais na zona: *Galemys pyrenaicus* e *Margaritifera margaritifera*. Estes redutos foron motivo do proxecto Life + europeo con fortes investimentos na zona (Life Margal Ulla), xa nombrado, no que **se identificou este modelo forestal como un dos principais factores de declive destas especies.** As plantacións de eucalipto son unha das principais causas de degradación de zonas húmidas, afectando con frecuencia aos redutos con zonas higróturbosas e brezales e bosques húmidos, hábiats de interese comunitario prioritarios. As iniciativas para fomentar estas plantacións tenden drenar os terreos e a modificar as condicións típicas de acidez e de oligotrofía do chan, pouco idóneos para a produtividade forestal. A parte da destrución dun hábitat natural que representa, elimínase a funcionalidade destas zonas húmidas que contribúen de maneira importante a regular o ciclo

hídrico, a reducir os riscos de inundación e a mitigar o cambio climático mediante a protección dos chans ricos en carbono.

Do exposto nos puntos anteriores dedúcese que o modelo forestal que se require para que a planta deste industria que promove Greenfiber- Altri, teña a produción de celulosa e lyocell prevista **vai en contra das recomendacións da Comisión Europea para o actual Plan Estratéxico da PAC en materia de xestión forestal sostible**: incrementar a multifuncionalidade dos bosques; lograr o bo estado dos hábitats e das especies; mellorar os servizos ecolóxicos e a biodiversidade; crear resiliencia ante os efectos do cambio climático; mellorar a prevención de incendios forestais e a posterior restauración, mediante a mellora da adaptación ao cambio climático. Polos mesmos motivos tamén irá **en contra do recentemente aprobado Regulamento sobre a restauración da natureza**, que expón precisamente restaurar moitos dos ecosistemas que se están degradando con este modelo forestal.

Como conclusión, de aprobarse esta planta industrial cos fondos Next Generation vulneraríanse os seus principais compromisos , en particular os de:

- apoiar a modernización mediante políticas que contemplan a investigación e a innovación, a transicións climática e dixital xustas,
- contribuír á recuperación e ás transicións ecolóxica,
- a loita contra o cambio climático, con especial atención á protección da biodiversidade biolóxica

Por todo o exposto SOLICITO

Primeiro.- Ser recoñecida como parta interesada e afectada no expediente deste proxecto, en todas as súas fases e poder ter información e acceso ao expediente completo, de acordo á Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e se me notifiquen, por tanto, cada un dos trámites que se sigan dentro do mesmo co fin de poder personarme.

Segundo.- Que atendendo ao estipulado na Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, da participación pública e do acceso á xustiza en materia ambiental (convención de Århus) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, **se me conceda a vista dos informes e documentación mediante enlace en formato dixital.**

Terceiro.- Obter información da relación de organismos públicos e privados aos que se teñen solicitado informes sectoriais sobre o proxecto e cales deles serán considerados vinculantes, así como o **acceso aos informes sectoriais** en todas as fases do procedemento.

Cuarto.- Se realice a **declaración negativa do EIA a declaración negativa da AAI**, a anulación da categoría de proxecto estratéxico e de utilidade pública do **proxecto industrial de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestructuras asociadas presentado por Greenfiber SL.**

Asdo.: